O servizo non só non responde á demanda existente, senón que tamén está saturado, evitando que as persoas cheguen a tempo aos seus destinos, afectando tanto á súa vida persoal como profesional.

Outro aspecto alarmante é a redución da oferta nos horarios máis concorridos, sobre todo a primeira hora da mañá ou ao mediodía, o que está afectando especialmente aos que se desprazan ao campus universitario de Vigo (CUVI), aos centros educativos e aos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro. Ademais, o tempo de percorrido das liñas prolongouse considerablemente, con traxectos que duran moito máis do previsto, o que indica unha falta de planificación eficiente e unha inadecuada adaptación do servizo ás necesidades reais dos usuarios.

Após de todos estes incumprimentos reiterados por parte da empresa concesionaria, a Xunta de Galiza decidiu rescindir os contratos de transporte coa UTE Lugove tanto na comarca do Baixo Miño como na do Val Miñor. O curioso é que a Xunta de Galiza indique que esta rescisión de contrato fose de “mutuo acordo” coa empresa, mentres que esta última leva moito tempo incorrendo en incumprimentos reiterados do propio contrato.

A realidade é que os contratos de transporte do Baixo Miño son un exemplo claro do desastre que supoñen os proxectos de explotación e o proceso de contratación do Plan de Transporte da Xunta de Galiza. Contratos mal calculados que só son

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:21:23
Nº Rexistro: 48011
Data envio: 26/01/2026 13:21:23.561

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perdurables no tempo en base aos incumprimentos permitidos por parte da Xunta de Galiza.

Neste sentido é fundamental que a Xunta de Galiza elabore un novo proxecto de explotación con rigorosidade e calidade técnica, que responda ás necesidades dos usuarios e usuarias, non aos das empresas concesionarias ou consultoras nesta materia.

Alén disto é necesario que a Xunta de Galiza tome as accións necesarias para non seguir permitindo os incumprimentos da empresa concesionaria no tempo que dure a prestación obrigado do servizo por parte da empresa até que o novo contrato entre en vigor.

O transporte público nos diferentes concellos da Comarca non só é unha necesidade básica, senón que ten un papel estratéxico na mobilidade da poboación. Neste contexto, resulta incomprensible que se xestione tan mal un servizo desta relevancia. A situación actual non só afecta aos cidadáns na súa vida diaria, senón que ten implicacións máis amplas para o conxunto da comarca.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Cales foron as causas que motivaron a rescisión dos contratos da concesionaria Lugove no Baixo Miño?

2. Vai a Xunta de Galiza a reclamar un cumprimento total dos actuais contratos até a entrada en vigor dos novos?

3. Cantas, e por que motivo, foron as sancións impostas pola Xunta de Galiza no transporte público do Baixo Miño desde a posta en marcha do Plan de Transporte?

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:21:23
Nº Rexistro: 48011
Data envio: 26/01/2026 13:21:23.561

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Existiron incumprimentos de contrato no servizo de transporte público do Baixo Miño desde a implantación do Plan de Transporte?

5. Cantos quilómetros considera a Xunta de Galiza que poden percorrer de pé os usuarios e usuarias do transporte interurbano sen elementos de seguridade homologados con tal fin?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:21:23
Nº Rexistro: 48011
Data envio: 26/01/2026 13:21:23.561

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/01/2026 13:20:16

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 26/01/2026 13:20:23

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 13:20:32

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:21:23
Nº Rexistro: 48011
Data envio: 26/01/2026 13:21:23.561

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 13:21:24

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:22:07
Nº Rexistro: 48014
Data envio: 26/01/2026 13:22:07.969

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 26/01/2
13:21
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á cobertura urxente de prazas de logopedia na área de Ourense.

Asinado o día 26/01/2026 ás
13:21
Por Iria Carreira Pazos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio Profesional de Logopedas de Galiza ten trasladado publicamente as súas demandas para a mellora do servizo público de logopedia na nosa comunidade, considerando que a día de hoxe, o servizo ofrecido dende os hospitais non da resposta á demanda real nin ás necesidades de todas as galegas e galegos, para alén das demandas tamén no ámbito dos servizos sociais, de educación, de cultura, de xustiza ou de investigación.

No caso concreto do ámbito sanitario, malia o importante que é este servizo para distintas patoloxías, a sanidade pública galega conta actualmente con tan só 37 logopedas, lonxe da demanda da poboación, cunha gran presión asistencial e sobrecarga dos servizos e sen avanzar nunha necesidade que xa ten sinalado o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego como é o da súa incorporación na Atención Primaria.

Asinado o día 26/01/2026 ás
13:21
Por Noa Presas Bergantiños

Así as cousas, se esta é unha cifra insuficiente, o caso da área de Ourense é clamoroso. Recentemente, o propio Colexio facía a denuncia de que no caso da macroárea sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras hai unha soa profesional desta categoría, sendo a de Ourense a peor situación de toda Galiza. A propia profesional que ostenta esta responsabilidade, sinalaba nos medios de comunicación que esta situación agrávase ademais

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:22:07
Nº Rexistro: 48014
Data envio: 26/01/2026 13:22:07.969

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coa falta de planificación e que o descoñecemento das listas de agarda dificultan calquera tipo de intervención coordinada.

Para máis inri, no lugar de avanzar no reforzo do persoal público, o goberno galego empregou tamén as necesidades no ámbito da logopedia para seguir na súa senda de privatización xa sinalada polo informe da área sanitaria publicado polo Consello de Contas no ano 2024. Así as cousas, xa nun Consello da Xunta de finais de agosto autorizábase un crédito de 29 millóns de euros para un acordo marco para prestar servizos a través da medicina privada, entre os que se estaba o da terapia de logopedia que finalmente adxudicou ao hospital privado Vithas de Vigo.

Esta situación é insostible e consiste nun gran prexuízo para as e os ourensáns, que xa sofren as peores listas de agarda hospitalaria de todo Galiza. Máis aínda, o alto índice de avellentamento e de ictus son argumentos que se engaden para urxir ao goberno galego a incrementar este perfil profesional e aumentar o número de traballadores e traballadoras.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para garantir o aumento de profesionais de logopedia no sistema público de saúde en Ourense?

Considera que están garantidas as necesidades de atención de logopedia no Complexo Hospitalario de Ourense?

Cantas derivacións ao ano autoriza o goberno galego para este servizo á privada?

Cantas a Vigo?

Ten avaliado o goberno galego o impacto negativo para a cidadanía dos desprazamentos a Vigo?

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:22:07
Nº Rexistro: 48014
Data envio: 26/01/2026 13:22:07.969

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que vai facer o goberno galego para atender as demandas que ten trasladado publicamente o Colexio Profesional de Logopedas de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:22:07
Nº Rexistro: 48014
Data envio: 26/01/2026 13:22:07.969

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2026 13:21:12

Iria Carreira Pazos na data 26/01/2026 13:21:19

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2026 13:21:26

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:22:07
Nº Rexistro: 48014
Data envio: 26/01/2026 13:22:07.969

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 13:22:08

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:22:56
Nº Rexistro: 48018
Data envio: 26/01/2026 13:22:56.740

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O pasado 7 de xaneiro, o señor Fernández Mouriño, alcalde de Carral, declaraba nunha entrevista aos medios de comunicación que: «*Temos o compromiso de que Carral conte cunha residencia de maiores.*»

O alcalde afirmaba que tiñan comprometido con Política Social un orzamento de 350.000 euros para facer un centro de maiores no Víctor Velasco, que hoxe está cedido a unha empresa. E que tiña o compromiso da Xunta de Galicia para que Carral formase parte desa rede de residencias para maiores nos concellos de entre 5.000 e 20.000 habitantes. Un proxecto tipo que contaría con 20 prazas e que, como dicimos, Carral é adxudicatario dunha desas residencias.

É curioso como o cambio de alcaldía, producido a través dunha moción de censura polo Partido Popular a finais de 2025, reporta rapidamente os servicios demandados unha e outra vez polos concellos da provincia da Coruña. Pasou tamén en Ribeira onde unha moción de censura, en outubro de 2025, deulle a alcaldía a edil do Partido Popular, Mariola Sampedro. Tras ocupar o posto de alcaldesa, a conselleira de Política Social da Xunta de Galicia, anunciou a licitación do proxecto dunha nova residencia de maiores que levaba anos demandada en Ribeira.

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:09
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:09
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Ante estas situacións nas que, por norma, axilízanse a implantación de servicios (longamente demandados) tras as incorporacións de rexedoras e rexedores do Partido Popular ao fronte dos diferentes concellos; o Grupo Parlamentario Socialista considera evidente o uso partidista do poder a costa da cidadanía. Os cidadáns están sendo privados dos seus dereitos por mor dun xogo político que discrimina e castiga aqueles concellos que non son da ideoloxía do Partido Popular.

Ante estas "decisións" da Consellería de Política Social, concellos como Betanzos que é cabeceira de comarca, está a ser "castigado" nas súas demandas, tanto no eido educativo, sanitario como asistencial, sobre todo se temos en conta que:

- Non conta con centro de día público para maiores,
- Non conta con residencia para maiores pública,
- É cabeceira de comarca con un aumento paulatino da poboación que se sitúa en máis de 13.000 habitantes.

Desde o concello brigantino solicitaron en reiteradas ocasións a construción de centro de día e residencia de maiores por parte da Xunta. Esta solicitude nunca foi atendida, tendo en conta, ademais, que Betanzos e zona de confluencia de vilas como Oza-Cesuras, Aranga, Coirós, Paderne, Irixoa, Vilarmaior ou Vilasantar. Con unha poboación que excede aos 39.000 habitantes.

Ante o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que criterios segue a Consellería de Política Social á hora de implantar centros e residencias de maiores nos concellos de 5.000 a 20.000 habitantes?
2. Cando contará Betanzos coa construción dun centro de maiores e residencia públicos que de resposta á crecente demanda da poboación?

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:22:56
Nº Rexistro: 48018
Data envio: 26/01/2026 13:22:56.740

Grupo
Parlamentario
Socialista

Santiago de Compostela, a 26 de xaneiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:22:56
Nº Rexistro: 48018
Data envio: 26/01/2026 13:22:56.740

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 26/01/2026 13:09:43

Elena Espinosa Mangana na data 26/01/2026 13:09:50

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:22:56
Nº Rexistro: 48018
Data envio: 26/01/2026 13:22:56.740

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 13:22:57

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:27:40
Nº Rexistro: 48020
Data envio: 26/01/2026 13:27:40.990

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto e **Luis Bará Torres,** deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a distribución dos fondos públicos para depuración e saneamento no orzamento 2026 de Augas de Galiza: falta de enfoque integral e abandono das zonas rurais e pequenos concellos.

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:27
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta concentra 31,3 millóns de euros en Vilagarcía de Arousa, mentres outras grandes depuradoras captan 13,9 millóns (Cee-Corcubión) e 13,6 millóns (Arcade-Vigo). Esta estratexia consolida un modelo altamente desequilibrado que marxina as zonas rurais e os pequenos concellos, contradicindo os principios fundamentais da Lei 9/2010 de Augas de Galiza.

Desequilibrio estrutural na distribución de fondos

A análise do documento de orzamentos 2026 de Augas de Galiza revela un patrón claro de concentración de investimentos en grandes proxectos urbanos de notoriedade mediática. Segundo a táboa de territorización (apartado I.3), Vilagarcía de Arousa recibirá 31,3 millóns de euros para ampliacións de EDAR, mentres que Cee-Corcubión (13,9 M€) e Arcade-Soutomaior (13,6 M€) conforman o segundo nivelamento en captación de recursos.

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:26
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Esta concentración contrasta drasticamente coa situación do saneamento rural: Ferrol, o maior núcleo disperso de Galiza, recibirá apenas 8,5 millóns de euros para a

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
171613

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:27:40
Nº Rexistro: 48020
Data envio: 26/01/2026 13:27:40.990

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primeira fase do saneamento rural, unha cantidade manifestamente insuficiente para un territorio con miles de fogares dispersos sen acceso a redes axeitadas.

A marxinación sistemática dos pequenos concellos

A táboa de territorización especifica que máis de 60 municipios galegos repártense partidas mínimas: desde 25.289 euros ata 100.000 euros en casos máis dotados. Esta fragmentación de recursos, dispersa en cantidades residuais, imposibilita solucións reais de saneamento e depuración.

O resultado é a perpetuación dun sistema onde:

• Os pequenos núcleos seguen dependendo de fosas sépticas deficientes, cun impacto ambiental significativo.

• A contaminación difusa continúa verténdose directamente aos ríos e acuíferos.
• Non hai mellora real na calidade de vida nin nas garantías sanitarias.

Débedas históricas de máis de dúas décadas

O documento reflicte un problema acumulado: municipios coma Ponteareas, O Incio e Palas de Rei seguen sen plans integrais de saneamento despois de máis de vinte anos de promesas incumpridas. Aínda que o orzamento inclúe referencias a finalizacións de obras, estas son excepcións: a maioría dos pequenos concellos non está incluída en plans realistas de execución.

A falta de continuidade nos proxectos, a falta de financiamento adecuado e a priorización de grandes depuradoras xerou un sistema onde a inequidade territorial é estrutural.

Incumprimento dos principios legais

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:27:40
Nº Rexistro: 48020
Data envio: 26/01/2026 13:27:40.990

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Lei 9/2010 de Augas de Galiza establece explicitamente o principio de "solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social nas políticas tarifarias". Este principio fundacional non está sendo respectado no modelo de orzamentos presentado.

De forma similar, o Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 contempla como obxectivo garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración aos cidadáns. Pero a realidade do orzamento 2026 contradí este obxectivo universalista.

Ademais, Galiza forma parte da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, que inclúe o Obxectivo 6: Auga limpa e saneamento. Non pode existir "para todos" se se marxina sistematicamente o rural.

A visibilidade mediática como criterio non aceptable

A sospeita é que a política de investimentos segue criterios de visibilidade electoral e mediática por enriba de criterios técnicos, sociais e ambientais. As depuradoras de Vilagarcía, Cee-Corcubión e Arcade son obras de gran impacto visual e político. Pola contra, o saneamento rural non xera titulares de prensa, e por iso é posposto reiteradamente.

Esta lóxica é inaceptable, pois sacrifica a protección ambiental integral, a igualdade de dereitos dos cidadáns galegos e a sustentabilidade a medio e longo prazo.

Contradición coa planificación declarada

O documento de orzamentos sinala que “no ano 2026 axudaremos a acabar de desenvolver as redes municipais, sobre todo nas zonas identificadas no plan director de saneamento”. Non obstante, a análise evidencia que moitas zonas identificadas nin figuran nos orzamentos ou teñen asignacións vestixiais.

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:27:40
Nº Rexistro: 48020
Data envio: 26/01/2026 13:27:40.990

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai unha brecha entre a retórica e a realidade que caracteriza a falta de rigor nas políticas hídricas de saneamento.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Cal é o criterio utilizado pola Xunta para a asignación dos investimentos en depuración e saneamento nos orzamentos de 2026?

2. Por que se mantén a marxinación das zonas rurais e dos pequenos concellos, con reparticións mínimas que imposibilitan solucións reais?

3. Que explicación dá o Goberno ao feito de que concellos coma Ponteareas, O Incio ou Palas de Rei, levan máis de dúas décadas sen plans de saneamento integral?

4. Que medidas pensa adoptar a Xunta para corrixir o desequilibrio inversor e acadar a cobertura universal do servizo?

5. Como se garante, nos orzamentos, o cumprimento do principio de equidade territorial e ambiental recollido na lexislación galega e estatal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:27:40
Nº Rexistro: 48020
Data envio: 26/01/2026 13:27:40.990

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/01/2026 13:26:52

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 13:27:01

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:27:40
Nº Rexistro: 48020
Data envio: 26/01/2026 13:27:40.990

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 13:27:42

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:28:13
Nº Rexistro: 48022
Data envio: 26/01/2026 13:28:13.035

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e **Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre expedientes abertos no SAF naqueles casos en que as traballadoras denunciaron situacións de violencia ou discriminación.

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:27
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois do asasinato de Teresa de Jesús, traballadora do SAF do Concello do Porriño, é necesario analizar a situación na que se atopan as traballadoras deste servizo esencial de atención ás persoas dependentes. Para iso é imprescindíbel coñecer as denuncias que consten diante das empresas prestadoras e/ou dos concellos así como dos servizos de inspección da Xunta de Galiza naqueles casos de violencia, discriminación ou calquera outra.

De igual maneira, é preciso coñecer cales foron as principais deficiencias ou irregularidades detectadas polos servizos de inspección da Xunta de Galiza no seu labor.

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:27
Por Olalla Rodil Fernández

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cantas denuncias e/ou queixas presentaron traballadoras do SAF diante das empresas prestadoras do servizo, dos concellos e/ou dos servizos de inspección da Xunta nos últimos cinco anos?

CSV: BOPGDSPG-o4Eww9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:28:13
Nº Rexistro: 48022
Data envio: 26/01/2026 13:28:13.035

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Que razóns motivaron as denuncias?

- Que canles seguiron esas denunicias? Cantas motivaron a apertura dun expediente e informe razoado por parte do persoal técnico coordinador dos correspondentes servizos?

- Que deficiencias e irregularidades detectou a Xunta de Galiza no SAF a través dos servizos de inspección nos últimos cinco anos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:28:13
Nº Rexistro: 48022
Data envio: 26/01/2026 13:28:13.035

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2026 13:27:10

Ariadna Fernández González na data 26/01/2026 13:27:17

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:28:13
Nº Rexistro: 48022
Data envio: 26/01/2026 13:28:13.035

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 13:28:13

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:32:51
Nº Rexistro: 48024
Data envio: 26/01/2026 13:32:51.483

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto e **Luis Bará Torres,** deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a insuficiencia e lentitude das actuacións de reparación das redes de abastecemento de auga en Galiza e o incumprimento dos obxectivos de resiliencia hídrica recollidos no Plan Estratéxico de Galiza 2022 2030.

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:32
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A auga é un ben público esencial e un servizo básico que determina a calidade de vida da cidadanía, a sostibilidade ambiental e a competitividade das actividades produtivas. Garantir un abastecemento seguro, eficiente e territorialmente equilibrado é unha das obrigas fundamentais de calquera administración.

Nos últimos anos, o Goberno da Xunta de Galiza vén afirmando que a resiliencia hídrica é unha prioridade estratéxica e que a política de abastecemento e saneamento constitúe o eixo central da súa acción de goberno. O Plan Estratéxico de Galiza 2022 2030 establece como obxectivo 2.4.2 “aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso universal e equitativo ao servizo básico de abastecemento, reducindo as diferenzas territoriais existentes”.

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:31
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Porén, a análise detallada do orzamento e da execución real de Augas de Galiza amosa unha fenda profunda entre o discurso e a práctica. O orzamento para 2026 contempla 27,3 millóns de euros destinados ao abastecemento, dos cales só unha fracción mínima se orienta á reparación efectiva de redes. A previsión oficial de

CSV: BOPGDSPG-o4Ew9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:32:51
Nº Rexistro: 48024
Data envio: 26/01/2026 13:32:51.483

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuacións é de 11 quilómetros anuais de renovación de infraestruturas, unha cifra que, tomada na súa literalidade, resulta insostible: fronte a máis de 50.000 quilómetros de redes que presentan deterioro grave, a velocidade actual implicaría 4.545 anos de traballo ininterrompido para completar a renovación.

Esta magnitude evidencia unha política paralizada, que non responde nin á urxencia ambiental nin ás necesidades do tecido municipal galego. A comparación interterritorial é igualmente reveladora: Cataluña renova cada ano entre 80 e 100 quilómetros de redes, a Comunidade Valenciana entre 60 e 80, o País Vasco entre 70 e 90 e Andalucía entre 50 e 70. Galiza, cunha poboación e problemática hidrolóxica semellante, permanece nun ritmo cinco a oito veces inferior, o que demostra unha falta de prioridade real e unha evidente ineficiencia de xestión.

Mentres tanto, as perdas de auga nas redes municipais sitúanse no 39 41 % segundo o último informe do Consello de Contas (2025). Isto supón que case a metade da auga potabilizada non chega aos fogares nin ás empresas, senón que se perde por fugas en conducións e tubaxes antigas. En termos económicos, significa un despilfarro de 12 a 15 millóns de euros anuais en custos de potabilización e bombeo; en termos ambientais, unha contribución directa á vulnerabilidade fronte ás secas, que afectan cada vez máis zonas de Galiza (Valdeorras, A Limia, Baixo Ulla, Lérez, Verdugo, Anllóns, Grande).

Esta realidade ten tamén unha dimensión de desigualdade territorial. A maior parte das fugas e deficiencias concéntranse en concellos medianos e pequenos, con limitados recursos técnicos e financeiros para abordar renovacións da rede por si mesmos. A ausencia dunha política autonómica áxil e planificada de apoio deixa a estes concellos atrapados nun círculo vicioso: redes obsoletas, custes crecentes e servizo deficiente.

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:32:51
Nº Rexistro: 48024
Data envio: 26/01/2026 13:32:51.483

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación non deriva, polo tanto, da escaseza física de recursos hídricos, senón da incapacidade institucional para xestionar de maneira eficiente as infraestruturas existentes. Galiza dispón de abondosos recursos e capacidade financeira suficiente para avanzar, mais a distribución orzamentaria actual non acompaña esta prioridade. A propia estrutura do orzamento de Augas de Galiza (151,7 M€ para 2026) permite marxe para a redistribución: unha reasignación de 8 millóns de euros anuais (5 millóns de realocación interna e 3 millóns procedentes de fondos europeos MRR) permitiría multiplicar por máis de catro o ritmo actual de obras, alcanzando 50 quilómetros anuais sen incrementar o gasto global.

A presente iniciativa nace da constatación de que a lentitude e insuficiencia das actuacións comprometen a resiliencia hídrica futura de Galiza e vulneran os compromisos fixados pola propia Xunta no seu plan estratéxico. A continuidade da situación actual implica persistir nun modelo de xestión que desperdicia recursos, agrava as diferencias territoriais e deixa a poboación máis vulnerable fronte ás secas.

É preciso un cambio de orientación inmediato: pasar da resignación á acción. Un programa de reparación acelerada e planificada das redes de abastecemento, con metas claras, seguimento público e prioridade territorial, é condición indispensable para facer real o dereito á auga en Galiza.

Por estas razóns, e para dar cumprimento efectivo á estratexia de resiliencia 2022 2030, proponse esta iniciativa co obxecto de que o Parlamento impulse unha resposta coherente, eficaz e verificable por parte da administración autonómica.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:32:51
Nº Rexistro: 48024
Data envio: 26/01/2026 13:32:51.483

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Canto se reparou efectivamente en 2023 e 2024 cos orzamentos de Augas de Galiza? E, cal é a previsión de execución en 2025 e 2026?

2. Cal foi a taxa media de execución orzamentaria en reparación de redes nos últimos tres anos? E, que porcentaxe vai a reparación de redes? E, que porcentaxe a gasto corrente?

3. Que importe se destina a plans de emerxencia e auditorías?

4. Existe un Plan de Redución de Perdas aprobado? En que data e con que financiamento?. Cales son as metas anuais de redución de perdas 2026 2028?

5. Por que Galiza non ten ritmo de reparación equiparable ao doutras CCAA? Existen limitacións legais ou financeiras que o impidan?

6. Que financiamento adicional sería necesario para acadar 50 km/ano?

7. Canto se recibiu de fondos MRR para “Redución de perdas por fugas”?

8. Existe análise de retorno (ROI) de custos de reparación vs aforros de auga?

9. Canta auga se recupera por cada millón de euros investido?

10. Existen informes trimestrais públicos de redes reparadas e perdas por concello? E, en que formato se publican e onde están accesibles?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:32:51
Nº Rexistro: 48024
Data envio: 26/01/2026 13:32:51.483

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/01/2026 13:31:59

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 13:32:05

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:32:51
Nº Rexistro: 48024
Data envio: 26/01/2026 13:32:51.483

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 13:32:52

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:34:10
Nº Rexistro: 48027
Data envio: 26/01/2026 13:34:10.967

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 26/01/2
13:33
Por Mercedes Queixa

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Iria Taibo Corsanego, **Mercedes Queixas Zas** e **Montserrat Prado Cores,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as obras de ampliación do CHUAC.

Asinado o día 26/01/2026 ás
13:33
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pacientes, usuarias e persoal do CHUAC están a sufrir a mala xestión do Partido Popular na Xunta de Galiza co proxecto de ampliación deste centro hospitalario. Un proxecto que xa suscitou polémica desde a súa presentación, e que a finais do presente ano debería ter en pé o 80% do mesmo, segundo as declaracións do daquela presidente da Xunta, mais que a realidade mostra que é un obxectivo verdadeiramente afastado no tempo.

A día de hoxe ningún dos cinco bloques previstos está en pé, e aínda que o primeiro dos edificios estaba previsto que entrase en funcionamento en xuño de 2023, a día de hoxe non está nin sequera rematada a súa escavación, ao tempo que tampouco se completaron as demolicións previstas tamén para 2023. Atrasos constantes e reorganización dos prazos dos cales o goberno actual non informa nin sequera á Xunta de Persoal do centro, nunha nova mostra da súa política de ocultación.

Asinado o día 26/01/2026 ás
13:33
Por Iria Carreira Pazos

Mais mentres a Xunta presume da súa xestión, quen está a sufrir a súa execución –que só chega ao 5%–, é o persoal traballador do centro e pacientes e usuarias que acoden diariamente a este hospital. Son moitas as melloras que o CHUAC precisa e actualmente se atopan nunha situación precaria e “eventual” por emprazalas directamente á construción do novo centro, como pode ser a situación do Hospital

CSV: BOPGDSPG-o4Ew9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:34:10
Nº Rexistro: 48027
Data envio: 26/01/2026 13:34:10.967

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Materno ou a UCI. A isto súmanse microvoaduras, traballos de maquinaria pesada, tráfico de camións, etc. que provocan un empeoramento da calidade do aire e un ruído constante que dificulta a vida habitual do hospital.

Toda esta situación dáse, ademais, cando o xa caducado o anterior Plan Director do CHUAC, están sen rematar servizos coma o de diálise, reanimación, farmacia ou endoscopias.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

– Cales son as previsións da Xunta de Galiza para poñer en funcionamento o novo CHUAC?

– Considera o goberno galego que os atrasos se deben a unha mala planificación por parte da Xunta de Galiza?

– Cal é a razón pola que o goberno galego non está a informar dos mesmos á Xunta de Persoal?

– Que consideración lle merecen ao goberno galego a contaminación atmosférica e acústica e os demais inconvenientes derivados das obras que están a sufrir persoal e pacientes? Que medidas ten previstas para minimizar as molestias?

– Cando vai realizar o goberno galego as melloras necesarias na actual infraestrutura para garantir a seguridade e o benestar das profesionais e pacientes que continúan utilizando esas áreas? Vai seguir adiándoas ata o remate do novo CHUAC ou ten previsto rectificar e realizalas xa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:34:10
Nº Rexistro: 48027
Data envio: 26/01/2026 13:34:10.967

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 26/01/2026 13:33:42
Iria Taibo Corsanego na data 26/01/2026 13:33:48
Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2026 13:33:54
María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2026 13:34:00

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:34:10
Nº Rexistro: 48027
Data envio: 26/01/2026 13:34:10.967

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 13:34:11

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:37:14
Nº Rexistro: 48028
Data envio: 26/01/2026 13:37:14.165

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a aplicación do vindeiro Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 en Galiza.

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:36
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de coñecer o borrador do Proxecto do Real decreto polo que se regula o plan estatal de vivenda 2026-2030, a Xunta de Galiza continúa mostrando a súa posición contraria aos seus obxectivos. Os motivos dese rexeitamento foron mudando, primeiro estaban baseados no cuestionamento do reparto das aportacións entre Xunta e Estado, mais finalmente foi aceptado. Agora, segundo as información publicadas, a Xunta vén mostrando discrepancias co contido específico do plan ao cal presentou alegacións a 39 dos 105 artigos do plan.

É por iso que dende o grupo nacionalista esiximos ao goberno galego que dea coñecer aos grupos parlamentarios o contido exacto das alegacións formuladas pola Xunta, de forma que poidamos coñecer ao detalle cales son os aspectos de acordo e discrepancia concretos entre ambos gobernos.

Asinado o día 26/01/2026 ás 13:36
Por Alexandra Fernández Gómez

Igualmente, no borrador de dito plan está previsto que o seu desenvolvemento poida ser concretado ou matizado polas propias CCAA en múltiples aspectos, en atención ao marco competencial. Por tanto queremos coñecer tamén cales foron as achegas por parte do goberno galego a este respecto e se existe algunha proposta específica por parte

CSV: BOPGDSPG-o4Ew9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:37:14
Nº Rexistro: 48028
Data envio: 26/01/2026 13:37:14.165

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

da Consellería coas competencias en vivenda para unha mellor adecuación do plan á nosa realidade concreta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- En que consisten todas e cada unha das alegacións formuladas polo goberno galego ao borrador do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030?

- Cales son as motivacións para formular cada unha destas alegacións?

- Que vai facer o goberno galego nos aspectos sobre os que o Plan Estatal permite ás CCAA definir o seu desenvolvemento?

- Ten previsto a Xunta remitir algunha proposta concreta ao respecto ao goberno estatal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:37:14
Nº Rexistro: 48028
Data envio: 26/01/2026 13:37:14.165

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 26/01/2026 13:36:30

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 13:36:39

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:37:14
Nº Rexistro: 48028
Data envio: 26/01/2026 13:37:14.165

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 13:37:16

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:38:07
Nº Rexistro: 48030
Data envio: 26/01/2026 13:38:07.647

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 26/01/2
13:37
Por Olalla Rodil Fernández

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e **Olalla Rodil Fernández**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o peche dunha vivenda comunitaria en Amoeiro por graves irregularidades na atención ás residentes.

Asinado o día 26/01/2026 ás
13:37
Por Noa Presas Bergantiños

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ven de acordar o peche dunha vivenda comunitaria no lugar de Cerval no concello de Amoeiro tras detectar graves deficiencias na atención e xestión do durante nunha inspección realizada recentemente.

Segundo distintas manifestacións de familiares de residentes recollidas en distintos medios de comunicacións o Centro incorría en múltiples irregularidades, tanto na alimentación das maiores, chegando a afirmar que as persoas residentes “estaban sen comer” e que mesmo “onte nos conxeladores do centro non había alimentos”, denunciando a existencia de graves deficiencias no aseo das persoas. O persoal do centro non só era insuficiente, senón que o que había carecía de contrato de traballo e que “por sistema ningún dos traballadores tiña papeis”

As graves irregularidades e deficiencias na atención ás maiores que implicou o peche do Centro e o necesario traslado das residentes a outros centros, na súa maioría de distinta comarca, provocou unha evidente alarma social, tanto polas importantes deficiencias detectadas, como tamén polo feito de que puideran non ser novidosas, senón que xa se viñeran producindo dende había tempo.

Asinado o día 26/01/2026 ás
13:36
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 13:38:07
Nº Rexistro: 48030
Data envio: 26/01/2026 13:38:07.647

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cando foi a data da última inspección realizada á Vivenda Comunitaria Jardín no concello de Amoeiro?

Cales foron as infraccións e/ou irregularidades detectadas nesa inspección?

Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:30:18
Nº Rexistro: 48083
Data envio: 26/01/2026 17:30:18.078

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

8. Que opina a Xunta de Galiza de que moitas persoas manifesten ter medo cando teñen que ir á Estación de autobuses de Ferrol?

9. En que situación están os anunciados plans da Xunta de Galiza para dotar Ferrol dunha Estación intermodal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:30:18
Nº Rexistro: 48083
Data envio: 26/01/2026 17:30:18.078

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/01/2026 17:29:10
José Manuel Golpe Acuña na data 26/01/2026 17:29:26
Paulo Ríos Santomé na data 26/01/2026 17:29:33

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:30:18
Nº Rexistro: 48083
Data envio: 26/01/2026 17:30:18.078

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 17:30:19

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:35:14
Nº Rexistro: 48085
Data envio: 26/01/2026 17:35:14.693

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 26/01/2
17:34
Por Cristina Fernánde

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Manuel Golpe Acuña, Cristina Fernández Davila e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a protección e posta en valor da Serra do Suído.

Asinado o día 26/01/2026 ás
17:34
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suído.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km2, configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A ubicación próxima á costa e as altitudes de máis de 1.000 metros fan que esteamos ante unha das serras de maior pluviosidade de toda a península ibérica, con máis de 2.400 mm de precipitación media anual. Os ríos que nacen na serra, o Tea, o Avia e o Verdugo-Oitavén son dos mellor conservados da demarcación Galiza-Costa, tanto pola calidade das augas, pola boa conservación das ribeiras e pola variedade de flora e fauna.

Asinado o día 26/01/2026 ás
17:34
Por Luis Bará Torres

A orografía, o clima, a paisaxe, a historia fan da serra do Suído un espazo de extraordinarios valores ambientais, culturais e sociais que é necesario preservar e dinamizar no seu conxunto, prevendo impactos que alteren os equilibrios e fomentando actividades sustentábeis e creadoras de valor engadido.

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:35:14
Nº Rexistro: 48085
Data envio: 26/01/2026 17:35:14.693

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Atendendo a riqueza ambiental e á súa importancia para a preservación da biodiversidade, nos anos 2008 e 2011 iniciáronse senllos procedementos para a declaración de parte da serra do Suído (aproximadamente 110 km2) como Lugar de Importancia Comunitaria e a conseguinte inclusión na **Rede Natura 2000**, iniciativas que non chegaron a concluirse malia as demandas da Comisión Europea para que se protexesen hábitas de interese prioritario presentes na serra. No ano 2008 tamén se iniciou o procedemento para a ampliación do LIC Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea, sen que tamén neste caso chegase a facerse realidade a declaración.

No Suído e Alto Tea existen 12 tipos de hábitats de interese comunitario (Directiva Hábitats), dos cales 4 son de interese prioritario (en risco de desaparición): as turbeiras altas activas (7110*), os bosques aluviais de amieiros e freixos (91EO*), as matogueiras húmidas atlánticas ((4020*) e os bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos (9180*).

No ano 2023, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural desvelou a existencia nesta zona dun **espazo ben conservado en estudo**, o que foi motivo para o informe negativo do proxecto Coto das Airas:

"Neste momento, están en estudo na Dirección Xeral de Patrimonio Natural distintos espazos ben conservados (do que este forma parte) que reúnen, ademais de importantes valores ambientais, a presenza de turbeiras e hábitats asociados que poderían formar parte da Rede Galega de espazos protexidos. Neste estudo, ademais da cartografía detallada dos hábitats, están presentes cuestións como a conectividade das especies e o mantemento das condicións dos equilibrios hídricos, fundamentais neste tipo de formacións vexetais.

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:35:14
Nº Rexistro: 48085
Data envio: 26/01/2026 17:35:14.693

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por outro lado, está tramitándose actualmente un volume importante de proxectos de desenvolvemento eólico que se superpoñen con estes espazos e que se amosan incompatibles coa conservación dos valores naturais presentes neles, o que representa un factor de perturbación que ameaza de modo significativo o seu estado de conservación e as obrigas de conservación e as obrigas de conservación que debe atender a Xunta de Galicia.

En consecuencia, en aplicación do artigo 46.1 da lei 5/2019, de 2 de agosto, de patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia, procede informar negativamente o proxecto de parque eólico sobre o que se solicita informe co obxecto de eliminar este factor de perturbación, da mesma maneira que se fixo con outros parques eólicos da contorna".

3. A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de **formacións de turbeira**, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuvia e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. A maior parte destas formacións sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:35:14
Nº Rexistro: 48085
Data envio: 26/01/2026 17:35:14.693

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

	Número	Superficie
O Covelo	23	31,4 ha (38,8% do total)
A Lama	16	32 ha (39,6%)
Fornelos	10	11,4 ha (14,2%)
Mondariz	2	5,2 ha (6,4%)
Avión	2	0,8 ha (1%)

A parroquia de Campo (O Covelo) é a que rexistra un maior número de de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no *Inventario de humidais de Galiza* (2003). No ano 2017 formulouse unha proposta para declarar as brañas e turbeiras do Suído como Humidal protexido e como humidais incluídos na listaxe internacional Ramsar (*Conservación e xestión dos humidais en Galicia*, IBADER, 2017, ®Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores).

No ano 2023 a Xunta fixo pública a RESOLUCIÓN do 27 de febreiro de 2023, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se inclúen catrocentas zonas húmidas no *Inventario de zonas húmidas de Galicia*. Nesta resolución inclúense 62 zonas húmidas situadas no Suido, das que a maior parte (55) corresponde a ecosistemas de turbeira.

O Informe sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Natural dentro do procedemento de impacto ambiental do parque eólico Carballoso (xaneiro de 2023) sinala o seguinte:

CSV: BOPGDSPG-o4Eww9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:35:14
Nº Rexistro: 48085
Data envio: 26/01/2026 17:35:14.693

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

"Neste espazo, aparte dos valores de avifauna e morcegos sinalados, están presentes formacións turbosas, cuxa protección é necesaria por diversos motivos. Entre eles os seguintes:

As turbeiras son formacións de grande relevancia tanto desde unha perspectiva biolóxica como polos seus valores paleoambientais, ecolóxicos, de xeodiversidade, etnolóxicas e culturais. Tamén son importantes para a reconstrución da dinámica e ambiental do Pleistoceno-Holoceno no contexto internacional.

Debe destacarse que as turbeiras teñen unha escasa representación a nivel mundial, diminuindo drasticamente a súa presencia ao diminuir a latitude. (...)

É por isto que a grande responsabilidade que recae sobre a comunidade autónoma de Galicia na conservación destes ecosistemas non admite discusión".

4. En relación coa **afección á paisaxe**, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como **Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP _08_15)**, polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, e nas Directrices da Paisaxe. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van ter un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

Por este motivo, o Instituto de Estudos do Territorio informou negativamente o proxecto eólico Puza (retramitado máis tarde como Hedreira) polo Impacto crítico na Área de Especial Interese Paixasístico AEIP Serra do Suído, tal como se recolle na Declaración de Impacto Ambiental desfavorábel:

"os oito xeradores do parque eólico Puza, sumados aos correspondentes parques eólicos en tramitación e os parques eólicos xa existentes en funcionamento,

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:35:14
Nº Rexistro: 48085
Data envio: 26/01/2026 17:35:14.693

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

producirían un moi intenso impacto visual (neste sentido crítico, para os efectos do artigo 33.1.d) do Regulamento da Lei 7/2008), por canto serían visibles desde amplas superficies incluidas na delimitación da AEIP Serra do Suido, afectando de forma irreversible o carácter dunha área de especial interese paisaxístico, a paisaxe da Serra do Suido, sen que esa afección visual poida ser reducida nin mitigada mediante ningunha medida correctora".

Na Declaración de Impacto Ambiental desfavorábel ao proxecto do parque eólico Mancelo (situado nos concellos do Covelo, A Caniza e Avión) faise referencia ao informe do Instituto de Estudos do Territorio:

"Segundo a análise de visibilidade, os aeroxeradores serán visibles dende a meirande parte da superficie nun radio de 5 km, a cal coincide en grande medida coa AEIP Serra do Suído. Esta elevada visibilidade proxéctase cara ao norte e o sur, limitando esta visibilidade nas outras direccións a propia serra do Suido na que se sitúa así como na serra do Faro de Avión. O tramo aéreo da liña de evacuación tamén terá unha gran incidencia visual na propia AEIP Serra do Suido, así como na AEIP Río Deva".

En relación co proxecto eólico Coto das Airas (retramitado como Carballoso), a Dirección Xeral do Patrimonio Natural emitiu o seguinte informe no ano 2021:

"Ten moita importancia o feito de que, de levarse a cabo este parque eólico, teriamos unha barreira que se extende de Sur a Norte desde a Serra do Faro ata a Serra do Suído ocupando esta unha lonxitude de máis de 20km, o que nos pode dar unha idea do gran impacto ambiental que isto significa. Considérase necesario coñecer o alcance real dos custos ambientais xerado polo conxunto dos parques eólicos ubicados xa na zona e os novos que se pretenden por en funcionamento.

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:35:14
Nº Rexistro: 48085
Data envio: 26/01/2026 17:35:14.693

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Este impacto é singularmente daniño para as aves tendo en conta que o parque eólico sitúase dentro dunha área prioritaria para a avifauna ameazada".

En relación coa **protección da avifauna ameazada**, o visor de conservación da natureza da Xunta permite comprobar que a maior parte desta zona forma parte das "Áreas prioritarias avifauna ameazada" e das "Zonas protección avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión".



Na Declaración de Impacto Ambiental desfavorábel do parque eólico Laxabranca (situado nos concellos de Avión, Beariz e A Lama) inclúese referencia ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural:

"O parque eólico atópase nunha ADE cun alto nivel de ocupación polos parques eólicos Monte Seixo Cando e a súa ampliación, Serra do Cando e a súa ampliación. Asimesmo, o parque atópase no límite ADE, quedando contigua a outra que tamén

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:35:14
Nº Rexistro: 48085
Data envio: 26/01/2026 17:35:14.693

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

presenta o parque de Paraño Oeste a unha distancia similiar aos anteriores. Esta situación afonda no efecto barreira/baleiro xa constituida en grande medida polos parques referidos anteriores.

Tamén hai que destacar do estudo preoperacional de avifauna a importante avifaina sensible aos parques detectada, como Buteo buteo, Falco tinninculus, Circus pygardus (especie catalogada e nidificante na zona) Circaetus gallicus. A importancia da avifauna confirmada no estudo preoperacional xa foi determinada cando se incluiu parte da zona afectada polo proxecto dentro das áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas de alta tensión.

Por todo o sinalado despréndese un alto nivel de ocupación e saturación nunha área restrinxida e incremento notable no afianzamento do efecto barreira/baleiro, nun entorno con especies sensible e catalogadas. Do anterior determínase que se xerará un efecto sinérxico e acumulativo de impactos, principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna, incompatible coas necesidades destas poboacións.

O informe conclúe que, á vista dos antecedentes, da análise da deocumentación e dos datos achegados polo Servizo de Patrimonio Natural de Ourense, considérase que o efecto sinérxico e acumulado sobre a avifauna e os quirópteros sería un impacto ambiental crítico. Por todo iso, conclúese que o proxecto presenta impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade, e por tanto, emítse informe desfavorable".

5. Nos últimos anos a Xunta de Galiza está a tramitar 16 parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. A maiores, nos últimos meses comezou a tramitación de proxectos eólicos de competencia estatal, algún dos cales son -como se sinala máis arriba- retramitacións de proxectos que inicialmente eran de competencia autonómica.

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:35:14
Nº Rexistro: 48085
Data envio: 26/01/2026 17:35:14.693

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Segundo datos do Rexistro Eólico de Galiza con data 17.12.2021, citados no informe da DX de Patrimonio Natural en relación co parque eólico Carballoso, no ámbito de 25 km deste proxecto (ámbito que se ten en conta a efectos de impacto paisaxístico) hai construidos 13 parques eólicos; en funcionamento, autorizado ou en obras, 20; en trámites previos 25, e sen acceso á rede de evacuación 6. **En total suman 73 proxectos e 728 aeroxeradores.**

Estamos a tempo de frear esta xigantesca desfeita, que responde a intereses alleos e non ás necesidades do noso país e do territorio afectado. Calquera planificación do desenvolvemento de enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, e os propios informes aprobados por organismos da Xunta que alertan do impacto destes proxectos e prevén a súa protección.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Considera o goberno galego que están suficientemente protexidos os valores ambientais da serra do Suído, no que existen 12 hábitats de interese comunitario, dos cales 4 son de interese prioritario?

2. En que medida considera o goberno galego que a tramitación de 16 parques éolicos pode poñer en risco espepecies e hábitats sobre as que existe un mandato de protección e conservación pola Comisión Europea?

3. Fixo o goberno galego unha avaliación conxunta dos impactos da construción de todos os parques eólicos e as súas infraestruturas nos hábitas de interese prioritario da serra do Suído?

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:35:14
Nº Rexistro: 48085
Data envio: 26/01/2026 17:35:14.693

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

4. Ten previsto o goberno galego aprobar a protección da serra do Suído e do Alto Tea baixo a figura da Rede Natura 2000?

5. Que plans de actuación desenvolveu ou prevé desenvolver a Xunta para a protección e conservación dos humidais e das turbeiras do serra do Suído?

6. Que actuacións prevé desenvolver a Xunta para a protección da Área de Especial Interese Paisaxístico da Serra do Suído?

7. Que actuacións prevé desenvolver o goberno galego para a protección dos recursos hídricos e dos ríos da serra do Suído e Alto Tea?

8. Ten previsto o goberno galego informar negativamente os proxectos eólicos da serra do Suído e do Alto Tea para evitar o risco de destrución irreversíbel de especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:35:14
Nº Rexistro: 48085
Data envio: 26/01/2026 17:35:14.693

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 17:34:07
José Manuel Golpe Acuña na data 26/01/2026 17:34:15
Cristina Fernández Davila na data 26/01/2026 17:34:22
Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2026 17:34:28

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:35:14
Nº Rexistro: 48085
Data envio: 26/01/2026 17:35:14.693

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 17:35:16

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:38:24
Nº Rexistro: 48087
Data envio: 26/01/2026 17:38:24.707

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 26/01/2
17:38
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre a necesidade de acometer obras de mellora nas travesías urbanas no municipio de Cee.

Asinado o día 26/01/2026 ás
17:38
Por Paulo Ríos Santomé

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai anos son continuos os accidentes de tráfico de atropelo de peóns nas distintas travesías no concello de Cee e non é a primeira vez que este grupo político trae unha iniciativa ao parlamento para darlle unha solución inmediata as malas condicións das mesmas e que en gran parte é competencia da Xunta de Galiza.

Dende hai catro anos, faleceron xa dúas persoas como consecuencia de atropelos en pasos de peóns en Cee, unha o 19 de novembro de 2021 na avda. Fernando Blanco e outra este mesmo ano na Avda de Fisterra, o 6 de outubro, mais producíronse outros accidentes sen resultado de morte.

O 21 de novembro de 2023 houbo un atropelo dunha moza na Avda. Fernando Blanco, o 22 de abril de 2024 atropelaron a un pai e a súa filla nun paso de peóns na travesía de Camiños Chans, e o 31 de xullo de 2024 houbo outro atropelo dun home na Ameixenda, na AC-550. E este ano, ademais do atropelo con resultado de falecemento xa mencionado, tamén tivemos outros dous atropelos, un grave o 3 de febreiro de 2025, na AC-552, na travesía da Avda. de Fisterra, dunha muller nun paso de peóns, e outro dun operario de estradas o 7 de outubro na parroquia de Pereiriña.

Asinado o día 26/01/2026 ás
17:37
Por Óscar Insua Lema

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:38:24
Nº Rexistro: 48087
Data envio: 26/01/2026 17:38:24.707

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

De todos é sabido, que en Cee conflúen dúas estradas de titularidade autonómica, e polo tanto dependentes da Xunta de Galiza: a C-552 e a C-550: a primeira comunica Cee con A Coruña, mentres a segunda, sae desta mesma vía con dirección a Muros. As dúas estradas constitúen as principais arterias de comunicación no municipio, e ao seu paso polo centro urbano coñécense coma a Avenida de Fisterra e a Avenida Fernando Blanco, respectivamente. Nestas dúas travesías urbanas é onde se produciron a gran maioría dos accidentes que anteriormente sinalamos, sobre todo nos pasos de peóns que neles se instalaron.

Uns pasos de peóns que precisan de melloras inmediatas, porque as condicións de visibilidade das marcas horizontais son malas, son difíciles de ver tanto de día, como de noite, porque non están alumeados, pero tamén os sinais verticais que informan da súa existencia, que non se ven, porque os ocultan os vehículos estacionados. Ademais faltan beirarrúas nalgún dos tramos da travesía, unha circunstancia que pon en perigo a circulación dos ciclistas e dos que hai tempo que se queixan, entre outros problemas de seguridade viaria.

É imprescindíbel que por parte das administracións competentes se adopten as medidas necesarias para frear o número de accidentes e as mortes por atropelo. Só a través dunha actuación integral nestas dúas vías se acadará reducir o número de accidentes e atropelos, con medidas que obriguen a reducir a velocidade, que iluminen mellor todas as travesías, que executen novas beirarrúas, que melloren os pasos peonís e introduzan sistemas de calmado de tráfico.

Hai determinadas actuacións, que polo seu ámbito competencial, lle corresponden ao Concello, e por iso dende o Bloque Nacionalista Galego de Cee se lle ten esixido ao goberno local a adopción dalgunhas medidas, como poden ser a mellora da iluminación das vías para eliminar zonas escuras e favorecer unha maior visibilidade, a anulación nas dúas avenidas das prazas de aparcamento máis próximas aos paso de peóns ou a

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:38:24
Nº Rexistro: 48087
Data envio: 26/01/2026 17:38:24.707

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

sinalización lumínica dos mesmos. Pero o resto de medidas dependen de quen ten a competencia destas dúas estradas, da Xunta de Galiza, que debe tomar medidas inmediatas para intentar solucionar un problema persistente que se repite cada pouco tempo.

Xa hai tempo que levamos escoitando que dende o goberno galego hai un compromiso de redactar os proxectos de mellora das travesías e de executalas, mais todo é fume porque nada se sabe destas promesas, a pesar de que estas actuacións son necesarias e vitais para mellorar a seguridade vial e facer destas dúas vías, ao seu paso polo centro de Cee, un espazo menos perigoso e hostil para os peóns.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

É consciente o Goberno galego da elevada sinistralidade que existe nas estradas C-552 e C-550 ao seu paso por Cee?

Ten algún informe a AXI sobre o número de atropelos nestas travesías?

Considera necesario o Goberno galego mellorar a seguridade vial nestas dúas vías de titularidade autonómica?

Considera o Goberno galego necesario optimizar o espazo viario nestas dúas estradas para permitir o fluxo de vehículos, e complementalo con dotación de espazos para a circulación peonil e ciclista segura?

Acabou de redactar os proxectos de mellora destas dúas travesías? Foron redactados dende a propia consellería ou licitouse o servizo de redacción?

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:38:24
Nº Rexistro: 48087
Data envio: 26/01/2026 17:38:24.707

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Cando ten previsto o goberno galego acometer as obras de mellora, necesarias para reducir os sinistros e a perigosidade da estrada C-552 e C-550 ao seu paso pola vila de Cee?

Existe algunha partida nos orzamentos do ano 2026 para acometer estas obras?

Considera o goberno galego que a situación actual da AC-445 ao seu paso por Amarela (Corcubión) garante a seguridade viaria e peonil?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:38:24
Nº Rexistro: 48087
Data envio: 26/01/2026 17:38:24.707

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 26/01/2026 17:37:57
Paulo Ríos Santomé na data 26/01/2026 17:38:05
Luis Bará Torres na data 26/01/2026 17:38:12

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:38:24
Nº Rexistro: 48087
Data envio: 26/01/2026 17:38:24.707

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 17:38:25

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:42:04
Nº Rexistro: 48088
Data envio: 26/01/2026 17:42:04.581

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 26/01/2
17:41
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Alexandra Fernández Gómez** e **Rosana Pérez Fernández**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a Senda dos Faros e o Camiño do Litoral.

Asinado o día 26/01/2026 ás
17:41
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O Plan de Ordenación do Litoral inclúe no apartado de Normativa unha "Disposición Adicional Segunda" co seguinte contido:

ADICIONAL 2ª. Sendas dos Faros

No prazo de dous anos tras a entrada en vigor do Plan de Ordenación do Litoral, a Consellería competente na materia iniciará o Plan, ou Plans Especiais que desenvolvan a Senda dos Faros recollida na Memoria do presente documento. A Senda dos Faros ten por obxecto fomentar o descubrimento do litoral, a valorización dos recursos territoriais e a lectura das paisaxes que se van percorrendo. Búscase, ao mesmo tempo, a conexión con outras rutas alternativas que percorren núcleos asentados no contorno do seu percorrido e que ofrecen un rico patrimonio cultural e etnográfico, moitas veces descoñecido e tristemente esquecido. Mediante este percorrido preténdese establecer unha rede de sendeiros claramente delimitados, accesibles e seguros, para o uso e gozo da sociedade.

Asinado o día 26/01/2026 ás
17:41
Por Luis Bará Torres

Recentemente, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático anunciou en Poio a intención da Xunta de habilitar o chamado "Camiño do Litoral", unha senda de 1.300 km que uniría Ribadeo e A Guarda. A nova de prensa publicada o pasado 15 de novembro estaba encabezada polos seguintes titulares:

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:42:04
Nº Rexistro: 48088
Data envio: 26/01/2026 17:42:04.581

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta investirá 2 M€ en 2026 en habilitar o Camiño do litoral para unir a Galicia costeira de norte a sur e poñer en valor todo o seu patrimonio

A senda, de 1.300 quilómetros e dividida en 52 etapas, poderá percorrerse desde Ribadeo ata A Guarda, a pé, e de Ribadeo ata Tui, en bicicleta

Tendo en conta que o Plan de Ordenación do Litoral continúa en vigor en tanto non se aproben os instrumentos previstos na Lei galega de xestión integrada do litoral, resulta de interese coñecer que instrumento de planificación vai facer o goberno galego para desenvolver o denominado “Camiño do Litoral”, anteriormente denominado “Senda dos Faros”.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que instrumento de planificación ten previsto aprobar a Xunta para desenvolver do denominado como “Camiño do Litoral”, anteriormente denominado “Senda dos Faros”?

Elaborou a Xunta un Plan ou Plans Especiais co obxecto de establecer o percorrido, os obxectivos e as actuacións do “Camiño do Litoral” ou da “Senda dos Faros”?

Que previsións ten a Xunta para o desenvolvemento deste proxecto en canto a prazos, custos e orzamentos para o ano 2026 e seguintes?

Que vías de coordinación ou cooperación estableceu a Xunta cos concellos polos que discorre o Camiño do Litoral/Senda dos Faros?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:42:04
Nº Rexistro: 48088
Data envio: 26/01/2026 17:42:04.581

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 17:41:33

Alexandra Fernández Gómez na data 26/01/2026 17:41:43

Rosana Pérez Fernández na data 26/01/2026 17:41:50

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 17:42:04
Nº Rexistro: 48088
Data envio: 26/01/2026 17:42:04.581

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 17:42:05

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48102
Data envio: 26/01/2026 19:09:33.071

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 26/01/2
19:08
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e **Montserrat Prado Cores**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre os gastos de mantemento e limpeza dos centros de saúde do concello de Fene que debe asumir a Xunta de Galiza.

Asinado o día 26/01/2026 ás
19:07
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Concello de Fene existen actualmente dous centros de saúde, un deles na parroquia de Fene avda. Tarrío, e outro en Maniños, e o Concello de Fene ven asumindo os gastos de limpeza e mantemento de ambos desde que comezaron a funcionar.

O Concello asumiu estes gastos a partir de diferentes acordos entre o propio Concello e máis a Xunta de Galiza como condicións sine qua non impostas pola Xunta para proceder á construción dos centros de saúde.

No primeiro caso, o situado na avda. Tarrío, este acordo formalizouse a través dun convenio asinado o 16 de xaneiro e 1997 que di na súa estipulación 5ª “o presente contrato entrará en vigor o día da súa formalización e estará vixente até o día 31 de decembro do mesmo ano, prorrogándose o seu termo por anos naturais en tanto non sexa denunciado por escrito con unha antelación mínima de 3 meses por calquera das partes contratantes”. Denuncia presentada formalmente o día 5 de agosto do 2025, é dicir, con máis antelación da necesaria, sen que até o de agora o Concello teña recibido contestación formal a esta denuncia.

Asinado o día 26/01/2026 ás
19:06
Por Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48102
Data envio: 26/01/2026 19:09:33.071

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actitude da Xunta de Galiza durante estes anos consistiu en denegar a realización de obras necesarias para o bo estado do centro, obras que superaban a dimensión ou profundidade do que cabería entender de boa fe por mantemento, e que derivou na actualidade nunha situación de deterioro da infraestrutura evidente para as persoas usuarias sen que a Xunta asuma dunha vez o que lle corresponde como administración competente en materia de saúde e polo tanto obrigada a prestar os servizos de saúde pública cos seus recursos orzamentarios.

En situación parecida está o centro de saúde da parroquia de Maniños, mais neste caso nin convenio existe entre Concello e Xunta. O único documento sobre quen debe facerse cargo dos gastos de mantemento é unha comunicación da Dirección xeral de Programación e Investimentos da Consellaría de Sanidade de data 2 de abril de 1991 na que se indica que ao cabo dun ano se producirá a recepción definitiva do centro por parte da Xunta e que o Concello pasará a facerse cargo do mantemento por un período non inferior a 30 anos, prazo que rematou o pasado 3 de abril do 2022.

Os gastos de mantemento dos centros de saúde son a todas luces uns gastos impropios dunha administración local, ademais de poñer en risco a facenda do Concello que ten moitos outros gastos da súa competencia que atender.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Por que motivo a Xunta de Galiza non asume os gastos de mantemento e limpeza dos centros de saúde situados no Concello de Fene?

2. Considera a Xunta de Galiza que o estado actual da infraestrutura do centro de saúde da parroquia de Fene é correcto?

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48102
Data envio: 26/01/2026 19:09:33.071

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Por que desatende as chamadas do Concello para realizar as obras necesarias?

4. Por que a Xunta de Galiza obriga aos veciños e veciñas de Fene a recibir atención sanitaria en instalacións en mal estado?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48102
Data envio: 26/01/2026 19:09:33.071

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/01/2026 19:06:47
José Manuel Golpe Acuña na data 26/01/2026 19:07:53
María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2026 19:08:21

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48102
Data envio: 26/01/2026 19:09:33.071

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 19:09:34

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 11:50:16
Nº Rexistro: 48163
Data envio: 27/01/2026 11:50:16.216

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 27/01/2
11:48
Por Montserrat Valcá

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, Secundino Fernández Fernández e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a parcelaria en Carnés e Cereixo (Vimianzo).

Asinado o día 27/01/2026 ás 11:48
Por Secundino Fernández Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de xuño de 2004 publicábase no DOG un aviso da Delegación Provincial da Coruña da Consellería de política agroalimentaria e desenvolvemento rural, polo que se anunciaba a toma de posesión provisional de fincas da zona de concentración parcelaria de Cereixo e de Carnés, no municipio de Vimianzo. Despois de catorce anos do decreto que iniciaba os traballos en 1990, estes parecían chegar ao seu fin.

Despois de outros doce anos, o 8 de xuño de 2016 , novamente o DOG publicaba un anuncio da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se daba publicidade da Resolución do 11 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, pola que se modificaba o acordo de concentración parcelaria da zona de Cereixo-Carnés (Vimianzo-A Coruña), dado que o Concello solicitara a cesión da titularidade de varios predios para diversos fins municipais, como equipamentos dotacionais, depuradoras, escolas, depósitos de madeira, fosas sépticas, etc, predios que causaron baixa no fondo de terras da zona.

O 9 de maio de 2019 , publicábase no DOG outro anuncio da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se publicaba a resolución relativa á revisión cartográfica e documental do Acordo de concentración parcelaria da zona de Cereixo-Carnés, pola cal se modificou dito acordo e se relacionaban varios predios coas novas medicións.

Asinado o día 27/01/2026 ás 11:48
Por Óscar Insua Lema

Así pois, no ano 2020 a Consellería do Medio Rural daba por finalizada administrativamente a concentración parcelaria na zona de Cereixo e de Carnés, ao aprobarse en firme o acordo deste proceso de reorganización do territorio que pasou de 9.341 parcelas iniciais

CSV: BOPGDSPG-o4Ew9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 11:50:16
Nº Rexistro: 48163
Data envio: 27/01/2026 11:50:16.216

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a 2.112 predios, quedando pendente só de entregar os títulos definitivos de concentración aos 1.126 propietarios beneficiados por esta reestruturación de 372 hectáreas de superficie.

O BNG de Vimianzo presentou hai xusto un ano, en xaneiro de 2026, un escrito con máis de 200 sinaturas da veciñanza na Xefatura Territorial de Medio Rural da Coruña, para pedir que apuraran os trámites para entregar estes títulos notariais da concentración parcelaria, pois a situación actual e que cada día aparecen e xorden máis problemas de diversa índole entre a veciñanza afectada á hora de mercar ou vender, tendo que facer xestións complementarias ante a administración na Coruña, namentres non se expiden os títulos definitivos. Daquela a xefa de servizo de Estruturas Agrarias da Coruña, manifestou que estaban traballando para que durante o ano 2025 se puideran entregar os títulos definitivos da concentración parcelaria, e que a demora se debía a cuestións técnicas que tiñan que corrixir e á falla de persoal suficiente no departamento.

Pasou o ano 2025 e a situación administrativa do expediente é a mesma, mais segue sendo necesario que a Consellería proceda coa maior brevidade posible á axilizar o peche do expediente coa entrega dos títulos de propiedade aos veciños das parroquias de Carnés e Cereixo e finalizar así o proceso de concentración parcelaria comezada nos anos noventa.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Cal é a razón pola que a Consellería de Medio Rural non entregou no 2025 os títulos definitivos da concentración parcelaria nas parroquias de Carnés e Cereixo, no concello de Vimianzo?

- Cal é a previsión do goberno galego para finalizar de forma definitiva este expediente?

- Existe algún problema ou inconvinte que impida a finalización deste proceso de concentración parcelaria?

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 11:50:16
Nº Rexistro: 48163
Data envio: 27/01/2026 11:50:16.216

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-É consciente a Consellería, que a falta de títulos definitivos, está a provocar problemas e inquedanzas entre a veciñanza á hora de realizar trámites de compra-venda cos seus predios?

- Despois de aprobarse en firme o acordo de reorganización no 2020, considera a Consellería como normalizada na administración esta demora de entrega definitiva de títulos notariais dos predios?

-Cal é o período medio de duración dun procedemento administrativo de concentración parcelaria en Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nos últimos días saíu á luz, a través de distintos medios de comunicación, a situación que están a padecer varias persoas residentes en vivendas de titularidade da Xunta de Galicia situadas no concello de Narón, nas que se rexistran graves problemas de humidades persistentes, presenza continuada de mofo nas paredes e teitos e unha evidente falta de mantemento estrutural. Porén, malia a recente difusión mediática destes feitos, non se trata dunha situación nova nin sobrevida, senón dun problema que se vén arrastrando desde hai máis de 12 ou 13 anos, segundo veñen denunciando as propias persoas afectadas.

Durante máis dunha década, estas deficiencias estruturais mantivéronse no tempo sen unha solución definitiva por parte da Administración autonómica, malia tratarse de vivendas públicas das que a Xunta de Galicia é titular e responsable directa do seu mantemento. Esta prolongada inacción evidencia un grave desleixo de funcións, ao permitir que unha situación claramente anómala e prexudicial se cronifique no tempo.

As consecuencias desta situación non son unicamente materiais, senón que están a ter un impacto directo e continuado na saúde das persoas residentes, con episodios reiterados de bronquites e outras patoloxías respiratorias, o que resulta especialmente preocupante cando se trata de fogares que deberían ofrecer seguridade, protección e estabilidade.
O dereito á vivenda é un dereito fundamental que non pode entenderse unicamente como o acceso a un inmoble, senón como o acceso a unha vivenda

Asinado o día 27/01/2026 ás 18:21
Por Carlos López Font

Asinado o día 27/01/2026 ás 18:21
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-o4Ew9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

digna, adecuada, segura e saudable. Este dereito implica garantir condicións mínimas de habitabilidade, salubridade e mantemento que permitan desenvolver unha vida en condicións de dignidade, sen riscos para a saúde nin para a integridade das persoas. A persistencia durante máis dunha década de humidades e mofo nunha vivenda pública supón unha vulneración clara deste dereito e un incumprimento grave das obrigas da Administración como garante do interese xeral.

Resulta especialmente grave que esta situación se produza en vivendas públicas, destinadas a persoas que non dispoñen de alternativas habitacionais no mercado privado, e que a Xunta de Galicia, como propietaria e xestora do parque público de vivenda, permitise durante anos a continuidade dunhas condicións claramente indignas, sen adoptar as medidas necesarias para a súa corrección definitiva.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia que as vivendas de titularidade autonómica situadas no concello de Narón afectadas por humidades persistentes e presenza de mofo reúnen na actualidade condicións mínimas dignas de habitabilidade e salubridade?

Santiago de Compostela, a 27 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:26:45
Nº Rexistro: 48261
Data envio: 27/01/2026 18:26:45.886

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/01/2026 18:21:44

Carlos López Font na data 27/01/2026 18:21:49

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:26:45
Nº Rexistro: 48261
Data envio: 27/01/2026 18:26:45.886

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2026 18:26:46

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:27:47
Nº Rexistro: 48265
Data envio: 27/01/2026 18:27:47.992

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Nos últimos días saíu á luz, a través de distintos medios de comunicación, a situación que están a padecer varias persoas residentes en vivendas de titularidade da Xunta de Galicia situadas no concello de Narón, nas que se rexistran graves problemas de humidades persistentes, presenza continuada de mofo nas paredes e teitos e unha evidente falta de mantemento estrutural. Porén, malia a recente difusión mediática destes feitos, non se trata dunha situación nova nin sobrevida, senón dun problema que se vén arrastrando desde hai máis de 12 ou 13 anos, segundo veñen denunciando as propias persoas afectadas.

Durante máis dunha década, estas deficiencias estruturais mantivéronse no tempo sen unha solución definitiva por parte da Administración autonómica, malia tratarse de vivendas públicas das que a Xunta de Galicia é titular e responsable directa do seu mantemento. Esta prolongada inacción evidencia un grave desleixo de funcións, ao permitir que unha situación claramente anómala e prexudicial se cronifique no tempo.

As consecuencias desta situación non son unicamente materiais, senón que están a ter un impacto directo e continuado na saúde das persoas residentes, con episodios reiterados de bronquites e outras patoloxías respiratorias, o que resulta especialmente preocupante cando se trata de fogares que deberían ofrecer seguridade, protección e estabilidade.
O dereito á vivenda é un dereito fundamental que non pode entenderse unicamente como o acceso a un inmoble, senón como o acceso a unha vivenda

Asinado o día 27/01/2026 ás 18:22
Por Carlos López Font

Asinado o día 27/01/2026 ás 18:21
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-o4Ew9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

digna, adecuada, segura e saudable. Este dereito implica garantir condicións mínimas de habitabilidade, salubridade e mantemento que permitan desenvolver unha vida en condicións de dignidade, sen riscos para a saúde nin para a integridade das persoas. A persistencia durante máis dunha década de humidades e mofo nunha vivenda pública supón unha vulneración clara deste dereito e un incumprimento grave das obrigas da Administración como garante do interese xeral.

Resulta especialmente grave que esta situación se produza en vivendas públicas, destinadas a persoas que non dispoñen de alternativas habitacionais no mercado privado, e que a Xunta de Galicia, como propietaria e xestora do parque público de vivenda, permitise durante anos a continuidade dunhas condicións claramente indignas, sen adoptar as medidas necesarias para a súa corrección definitiva.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galicia desde que tivo coñecemento destas incidencias e en que datas se realizaron?

Santiago de Compostela, a 27 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:27:47
Nº Rexistro: 48265
Data envio: 27/01/2026 18:27:47.992

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/01/2026 18:21:57

Carlos López Font na data 27/01/2026 18:22:02

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:27:47
Nº Rexistro: 48265
Data envio: 27/01/2026 18:27:47.992

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2026 18:27:48

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:28:58
Nº Rexistro: 48269
Data envio: 27/01/2026 18:28:58.626

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Nos últimos días saíu á luz, a través de distintos medios de comunicación, a situación que están a padecer varias persoas residentes en vivendas de titularidade da Xunta de Galicia situadas no concello de Narón, nas que se rexistran graves problemas de humidades persistentes, presenza continuada de mofo nas paredes e teitos e unha evidente falta de mantemento estrutural. Porén, malia a recente difusión mediática destes feitos, non se trata dunha situación nova nin sobrevida, senón dun problema que se vén arrastrando desde hai máis de 12 ou 13 anos, segundo veñen denunciando as propias persoas afectadas.

Durante máis dunha década, estas deficiencias estruturais mantivéronse no tempo sen unha solución definitiva por parte da Administración autonómica, malia tratarse de vivendas públicas das que a Xunta de Galicia é titular e responsable directa do seu mantemento. Esta prolongada inacción evidencia un grave desleixo de funcións, ao permitir que unha situación claramente anómala e prexudicial se cronifique no tempo.

As consecuencias desta situación non son unicamente materiais, senón que están a ter un impacto directo e continuado na saúde das persoas residentes, con episodios reiterados de bronquites e outras patoloxías respiratorias, o que resulta especialmente preocupante cando se trata de fogares que deberían ofrecer seguridade, protección e estabilidade.
O dereito á vivenda é un dereito fundamental que non pode entenderse unicamente como o acceso a un inmoble, senón como o acceso a unha vivenda

Asinado o día 27/01/2026 ás 18:22
Por Carlos López Font

Asinado o día 27/01/2026 ás 18:22
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-o4Ew9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

digna, adecuada, segura e saudable. Este dereito implica garantir condicións mínimas de habitabilidade, salubridade e mantemento que permitan desenvolver unha vida en condicións de dignidade, sen riscos para a saúde nin para a integridade das persoas. A persistencia durante máis dunha década de humidades e mofo nunha vivenda pública supón unha vulneración clara deste dereito e un incumprimento grave das obrigas da Administración como garante do interese xeral.

Resulta especialmente grave que esta situación se produza en vivendas públicas, destinadas a persoas que non dispoñen de alternativas habitacionais no mercado privado, e que a Xunta de Galicia, como propietaria e xestora do parque público de vivenda, permitise durante anos a continuidade dunhas condicións claramente indignas, sen adoptar as medidas necesarias para a súa corrección definitiva.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Realizou o Goberno galego informes técnicos sobre o estado destas vivendas e, de ser así, que conclusións recollen respecto aos riscos para a saúde das persoas residentes?
2. Que prazos concretos manexa a Xunta de Galicia para a execución das obras necesarias que permitan solucionar de maneira definitiva estes problemas?

Santiago de Compostela, a 27 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:28:58
Nº Rexistro: 48269
Data envio: 27/01/2026 18:28:58.626

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/01/2026 18:22:11

Carlos López Font na data 27/01/2026 18:22:16

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2026 18:28:58
Nº Rexistro: 48269
Data envio: 27/01/2026 18:28:58.626

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2026 18:28:59

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48274
Data envio: 28/01/2026 09:18:23.730

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 28/01/2
09:15
Por Cristina Fernánde

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Cristina Fernández Davila,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a dotación do departamento de orientación do CEIP San Xoán de Filgueira no Concello de Ferrol.

Asinado o día 28/01/2026 ás
09:15
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O caso do CEIP San Xoán de Filgueira, no Concello de Ferrol, é moi ilustrativo de como o Partido Popular recorta os recursos dos departamentos de orientación dos nosos centros de ensino mesmo nun contexto de medre das necesidades.

Malia seren estas necesidades perfectamente coñecidas, motivo demandas públicas por parte de moitas comunidades educativas, e mesmo unha das principais razóns do conflito entre a consellería e o profesorado que provocou á realización de varias xornadas de folga a principios do presente curso, a posición da Xunta mantense invariábel e firme nos recortes.

A evolución dos recursos no CEIP San Xoán de Filgueira é a seguinte:

Curso 2023/24- 1 PT, 1 AL, 1 PT Preferente

Curso 2024/25- 1/2 PT, 1 AL, 1 PT Preferente

Curso 2025/26- 1 AL, 1 PT Preferente

É dicir, nos últimos dous cursos o centro perdeu un PT que fai parte do catálogo, xa que a Xunta opta por non cubrir a praza que pertence a unha persoa que está en

Asinado o día 28/01/2026 ás
09:15
Por Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48274
Data envio: 28/01/2026 09:18:23.730

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comisión de servizos. No entanto o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) pasou do 48% ao 79%, e o alumnado estranxeiro pasou do 20% ao 31%.

É dicir, tal como indica a propia ANPA do centro, “esta limitación dos recursos humanos necesarios supón unha grave vulneración do principio de equidade, comprometendo o dereito a unha educación inclusiva, personalizada e de calidade, toda vez que o alumnado con NEE ve diminuído o seu acceso ao acompañamento profesional requirido, tanto na aula como no entorno educativo xeral, repercutindo no benestar e desenvolvemento académico dos nenos e nenas, así como na sobrecarga do persoal docente e orientador restante”.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Por que nega a Xunta de Galiza a reposición da praza de PT que pertence por catálogo ao CEIP San Xoán de Filgueira?

2. Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre o aumento de alumnado NEAE nos centros de ensino?

3. Considera a Xunta de Galiza que contamos con recursos abondo para proporcionar a atención que necesitan?

4. En cantos casos a Consellaría de Educación está negando recursos solicitados polos centros de ensino?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48274
Data envio: 28/01/2026 09:18:23.730

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/01/2026 9:15:17
José Manuel Golpe Acuña na data 28/01/2026 9:15:28
Cristina Fernández Davila na data 28/01/2026 9:15:33

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48274
Data envio: 28/01/2026 09:18:23.730

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 9:18:24

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 10:31:00
Nº Rexistro: 48280
Data envio: 28/01/2026 10:31:00.423

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 28/01/202
Por Secundino Fernándo
Fernández

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, **Ariadna Fernández González** e **Secundino Fernández Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a insuficiencia das axudas da Xunta de Galiza fronte aos estragos do xabaril nos cultivos e o fracaso das medidas de control da súa poboación.

Asinado o día 28/01/2026 ás 10:29
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do xabaril en Galiza, lonxe de mellorar, agravouse de maneira significativa nos últimos meses, tal e como están a recoller de forma reiterada os medios de comunicación e como denuncian labregas, labregos e veciñanza de numerosas comarcas do país.

A Xunta de Galiza vén recorrendo de maneira reiterada á declaración de emerxencias cinexéticas, permitindo a caza sen límite de exemplares en amplas zonas do territorio. Porén, esta medida excepcional, aplicada xa en varias ocasións desde 2019, demostrou ser ineficaz, ao non ir acompañada dunha planificación seria, dunha actualización rigorosa dos censos nin dun modelo de xestión integral da fauna salvaxe.

Asinado o día 28/01/2026 ás 10:29
Por Sonia Vidal Lamas

Segundo os datos manexados pola propia Administración, na campaña 2022–2023 rexistráronse máis de 4.000 avisos por danos, case un milleiro máis ca na anterior, e capturáronse arredor de 19.000 exemplares, cifras que evidencian que o problema non só persiste, senón que vai en aumento. A pesar disto, as indemnizacións seguen sendo escasas, limitadas por topes máximos claramente insuficientes e, sobre todo, abonadas con atrasos de meses ou mesmo anos, afogando economicamente ás explotacións afectadas.

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 10:31:00
Nº Rexistro: 48280
Data envio: 28/01/2026 10:31:00.423

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Nos últimos meses produciuse ademais un salto cualitativo preocupante: a presenza habitual de xabarís en zonas poboadas e periurbanas, con episodios de ataques, altercados e situacións de risco para as persoas. Este feito pon de manifesto que xa non estamos só ante un problema agrario, senón tamén ante unha cuestión de seguridade cidadá e saúde pública.

Comarcas enteiras, como a do Barbanza, están a vivir unha situación de auténtico descontrol, coa perda total de medo por parte dos animais e cunha sensación de abandono institucional por parte da Xunta, que continúa limitándose a respostas xenéricas, anuncios propagandísticos e a descargar a responsabilidade sobre cazadores e persoas afectadas.

A realidade actual confirma as advertencias que xa fixo o Bloque Nacionalista Galego en iniciativas anteriores: sen pagamentos áxiles, sen censos actualizados, sen análise sanitaria sistemática e sen unha política de xestión pública da fauna salvaxe, o problema do xabaril seguirá agravándose.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Cantos avisos por danos causados polo xabaril se rexistraron en Galiza durante o ano 2024 e 2025, desagregados por comarcas?

2. Cal é o prazo medio real de pagamento das indemnizacións por danos de xabaril nos cultivos e pradeiras na actualidade?

3. Cantas solicitudes de indemnización están pendentes de pagamento a día de hoxe e por que importe total?

4. Ten previsto a Xunta eliminar ou revisar os topes máximos por persoa beneficiaria, claramente insuficientes para cubrir os danos reais nas explotacións agrarias?

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 10:31:00
Nº Rexistro: 48280
Data envio: 28/01/2026 10:31:00.423

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

5. Cantas autorizacións de esperas e abatidas se solicitaron no último ano e cal foi o prazo medio de resolución das mesmas?

6. Que analíticas sanitarias se están a realizar de maneira sistemática aos xabarís cazados ou implicados en accidentes de tráfico e con que resultados?

7. Cando pensa a Xunta actualizar o censo da poboación de xabaril en Galiza e facelo público con criterios científicos e transparentes?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 10:31:00
Nº Rexistro: 48280
Data envio: 28/01/2026 10:31:00.423

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 28/01/2026 10:29:28

Ariadna Fernández González na data 28/01/2026 10:29:45

Secundino Fernández Fernández na data 28/01/2026 10:29:54

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 10:31:00
Nº Rexistro: 48280
Data envio: 28/01/2026 10:31:00.423

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 10:31:01

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 11:02:38
Nº Rexistro: 48285
Data envio: 28/01/2026 11:02:38.929

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de a Xunta dar resposta ás deficiencias que presenta a infraestrutura do CEIP Wenceslao Fernández Flórez da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ANPA do CEIP Wenceslao Fernández Flórez da Coruña acaba de facer pública a deficiente situación na que se encontran as instalacións do colexio.

O deterioro desta infraestrutura educativa é coñecido desde hai tempo, mais a falta de resposta e actuación por parte das administracións responsábeis no mantemento do colexio provocaron que a entrada de auga a través das fachadas e do tellado fose acrecentándose no tempo.

Unha situación que a día de hoxe chega a afectar ao desenvolvemento ordinario da docencia nalgunhas aulas, nomeadamente en días de chuvia en que os caldeiros entorpecen a vida docente a alumnado e profesorado ou que mesmo teñen chegado a provocar anegamentos nalgunhas aulas.

A entrada de auga no centro ten provocado, ademais, o apodrecemento de madeiras, o agretamento de paredes e caídas de restos de pintura dos teitos que teñen afectado tamén ao material educativo das aulas, mais que tamén están a xerar certa inseguridade nas familias do centro.

Asinado o día 28/01/2026 ás 11:00
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 28/01/2026 ás 11:00
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

171853

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 11:02:38
Nº Rexistro: 48285
Data envio: 28/01/2026 11:02:38.929

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É coñecedora a Xunta do estado actual do CEIP Wenceslao Fernández Flórez da Coruña?

- Entende o goberno do PP que as instalacións deste centro responden ás necesidades da comunidade educativa deste colexio?

- Ten elaborado a Xunta algún estudo sobre o estado deste centro educativo?

- Que actuacións desenvolveu o goberno, en consecuencia con ese estudo, caso de as houber?

- Por que este centro non ten sido atendido dentro do plan de nova arquitectura pedagóxica anunciado pola Xunta nos últimos anos?

- Comprométese o goberno da Xunta coa resolución das deficiencias que presenta a infraestrutura do CEIP Wenceslao Fernández Flórez nos orzamentos de 2026?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 11:02:38
Nº Rexistro: 48285
Data envio: 28/01/2026 11:02:38.929

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/01/2026 11:00:44

Cristina Fernández Davila na data 28/01/2026 11:00:49

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 11:02:38
Nº Rexistro: 48285
Data envio: 28/01/2026 11:02:38.929

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 11:02:39

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 11:26:32
Nº Rexistro: 48289
Data envio: 28/01/2026 11:26:32.195

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 28/01/2
11:25
Por Alexandra Fernár

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Alexandra Fernández Gómez,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galiza para protexer ás persoas.

Asinado o día 28/01/2026 ás
11:25
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A defensa do dereito a unha vivenda digna como un dereito fundamental na nosa sociedade vén sendo unha permanente preocupación e reivindicación do BNG, plenamente conscientes de que a vivenda é a base fundamental de calquera proxecto vital. Sen vivenda non é posíbel levar unha vida nas mínimas condicións de dignidade. A seguridade, a integridade, a saúde, a intimidade, a honra... todo desaparece cando se perde a vivenda.

A espiral dos prezos da vivenda e dos alugueiros está a poñer a moitas persoas en serias dificultades para atopar vivenda, ampliándose o fenómeno das infravivendas e aparecendo outros como o dos pisos compartidos por persoas con traballo e salario, e mesmo por familias.

Asinado o día 28/01/2026 ás
11:25
Por Ramón Fernández Alfonzo

Os poderes públicos teñen a obriga de velar polos dereitos fundamentais das persoas e da sociedade. Na Galiza correspóndelle ao Instituto Galego da Vivenda e Solo a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galiza co fin de garantir os dereitos a unha vivenda digna e adecuada, “especialmente para os sectores con menos capacidade económica”, mais é claro nesta altura que a política do Partido Popular está

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 11:26:32
Nº Rexistro: 48289
Data envio: 28/01/2026 11:26:32.195

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moi afastada de considerar a vivenda como un dereito senón como obxecto de negocio e especulación.

No Concello de Ferrol vimos de coñecer un caso que con certeza non é único. Leonardo Fernández Candales, veciño de Caranza, 60 anos, con unha discapacidade do 65% e unha pensión non contributiva de 564,70€, vive só desde hai 11 anos nunha vivenda pola que pagaba 233,85€, recibiu o pasado mes de xullo notificación por burofax de que o seu contrato de alugueiro non será renovado e de que debe abandonar a súa vivenda o 31 de xaneiro do presente ano.

Desde o momento mesmo da recepción desta notificación comezou a procurar vivenda alternativa, tanto no mercado libre como dirixíndose ao Concello de Ferrol e máis á Xunta de Galiza solicitando vivenda protexida, na medida en que constatou que o acceso a unha vivenda no mercado libre no Concello de Ferrol é imposíbel por menos de 600 euros ao mes, ademais de ter que cumprir outros requisitos que a fan aínda máis inaccesíbel.

Estamos a falar dunha persoa vulnerábel en risco de se converter nun discapacitado sen teito por causa da actual crise de vivenda. Unha situación diante da que o Concello de Ferrol non reacciona, polo que as vivendas deshabitadas do IGVS poden ser a única posibilidade de evitar o desastre para esta persoa.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Cantas vivendas ten o IGVS deshabitadas no concello de Ferrol?

2. Cantas destas vivendas están habitábeis?

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 11:26:32
Nº Rexistro: 48289
Data envio: 28/01/2026 11:26:32.195

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Cantas están en proceso de adxudicación?

4. Cantas persoas hai na comarca de Ferrol inscritas como demandantes de vivenda?

5. Cantas destas persoas se atopan en situación de emerxencia social?

6. Atenderá a Xunta de Galiza a solicitude presentada por Leonardo Fernández Candales?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 11:26:32
Nº Rexistro: 48289
Data envio: 28/01/2026 11:26:32.195

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/01/2026 11:25:01
José Manuel Golpe Acuña na data 28/01/2026 11:25:14
Alexandra Fernández Gómez na data 28/01/2026 11:25:27

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 11:26:32
Nº Rexistro: 48289
Data envio: 28/01/2026 11:26:32.195

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 11:26:33

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:00:57
Nº Rexistro: 48294
Data envio: 28/01/2026 12:00:57.984

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e **Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª**.

Nos últimos días a borrasca Joseph provocou fortes precipitacións, ventos e inundacións que están a afectar de xeito significativo a numerosos concellos da provincia de Pontevedra e outras áreas de Galicia con desbordamentos de ríos, cortes de vías municipais e incidencias que superan a capacidade de resposta dos servizos locais de emerxencias.

Aínda que varios alcaldes dos concellos do interior de Pontevedra solicitaron expresamente a Xunta a declaración de Nivel 2 de emerxencia, a Consellería correspondente comunicou que non se daban, na actualidade, “circunstancias que xustificasen” activar ese nivel mantendo só o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións (Inungal).

Segundo o Plan Inungal, a situación de emerxencia de Nivel 2 debe declararse cando as inundacións superan a capacidade de atención dos medios e recursos locais ou, aínda sen chegar a ese punto, cando os datos pluviométricos; hidrolóxicos e as predicións meteorolóxicas permiten prever un agravamento significativo puidendo comportar a constitución do Comité de Coordinación Operativa Integrada (CECOPI).

Durante a borrasca, numerosos alcaldes manifestaron que os medios municipais estaban “desbordados” e que a resposta actual basada exclusivamente en avisos e comunicacións, non é suficiente para coordinar os recursos necesarios máis aló do ámbito local.

Asinado o día 28/01/2026 ás 11:58
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 28/01/2026 ás 11:58
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-o4Eww9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:00:57
Nº Rexistro: 48294
Data envio: 28/01/2026 12:00:57.984

A declaración de emerxencia de Nivel 2 e a constitución do CECOPI permitirían mobilizar e coordinar mellor recursos supramunicipais —incluindo os efectivos do Estado se fose necesario— para atender a situación, xestionar as respostas e planificar as actuacións de recuperación e mitigación de danos nos concellos afectados.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que criterios técnicos concretos empregou a Xunta de Galicia para non declarar a situación de emerxencia de Nivel 2 nin constituír o CECOPI durante os recentes episodios de inundacións, malia a afectación simultánea de numerosos concellos e a superación da capacidade de resposta de varios deles?

2. Considera a Xunta que a activación do Nivel 2 de emerxencia debe depender exclusivamente dos avisos da AEMET, ou que, conforme ao Plan INUNGAL, deben terse en conta tamén as incidencias reais e a gravidade da situación nos concellos afectados?

3. Que avaliación de danos realizou a Xunta de Galicia tras estes episodios de inundacións e que concellos foron incluídos nesa avaliación?

4. Que medidas concretas ten previstas adoptar a Xunta para garantir que non se repita unha xestión baseada únicamente na comunicación de avisos e para habilitar axudas económicas e técnicas destinadas as zonas afectadas polas inundacións?

Santiago de Compostela, a 28 de Xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:00:57
Nº Rexistro: 48294
Data envio: 28/01/2026 12:00:57.984

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 28/01/2026 11:58:38

Paloma Castro Rey na data 28/01/2026 11:58:45

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:00:57
Nº Rexistro: 48294
Data envio: 28/01/2026 12:00:57.984

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 12:00:58

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:18:19
Nº Rexistro: 48300
Data envio: 28/01/2026 12:18:19.083

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 28/01/2 12:16 Por Víctor Baladrón L
Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 28/01/2026 ás 12:16 Por María Encarnación Amigo Díaz
Asinado o día 28/01/2026 ás 12:16 Por Raquel Arias Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González e **Magdalena Pérez Millares,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A terceira idade é unha etapa crucial na vida das persoas que merece ser aproveitada. Por iso, facilitar o acceso das persoas maiores a diferentes servizos e ofertas de lecer a través de descontos especiais é unha forma de favorecer a súa calidade de vida ao tempo que se fomenta un envellecemento activo.

En Galicia isto é posible gracias ao Carné +65 posto en marcha pola Xunta de Galicia, 100% gratuíto. Actualmente, máis de 900 establecementos galegos están adheridos a este programa pioneiro do Goberno galego.

Nestes momentos, xa son máis de 600.000 persoas as que contan coa tarxeta e poden desfrutar dos beneficios incluídos.

Entre as posibilidades que ofrece o carné atópanse descontos directos de ata o 30%, beneficios especiais en numerosas actividades e vantaxes nunha ampla variedade de servizos e establecementos turísticos, comerciais e de ocio de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai o Goberno galego do Carné +65 ata o momento?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-o4Ewv9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:18:19
Nº Rexistro: 48300
Data envio: 28/01/2026 12:18:19.083

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 28/01/2026 12:16:35
María Encarnación Amigo Díaz na data 28/01/2026 12:16:45
Víctor Baladrón Lamas na data 28/01/2026 12:16:56
Nicole Grueira Fernández na data 28/01/2026 12:17:13
Dolores Hermelo Piñeiro na data 28/01/2026 12:17:22
Argimiro Marnotes Fernández na data 28/01/2026 12:17:35
Noelia Pérez López na data 28/01/2026 12:17:48
Raúl Santamaría González na data 28/01/2026 12:17:58
Maria Magdalena Perez Millares na data 28/01/2026 12:18:06

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:18:19
Nº Rexistro: 48300
Data envio: 28/01/2026 12:18:19.083

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 12:18:20

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:24:43
Nº Rexistro: 48302
Data envio: 28/01/2026 12:24:43.389

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 28/01/2 12:23 Por Víctor Baladrón L
Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 28/01/2026 ás 12:23 Por María Encarnación Amigo Díaz
Asinado o día 28/01/2026 ás 12:23 Por Raquel Arias Rodríguez

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González e **Magdalena Pérez Millares,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Xuntos polo Nadal é un programa gratuíto da Xunta de Galicia para que as persoas maiores que estean soas poidan pasar estas datas acompañadas doutras persoas que se atopan na mesma situación, cun amplo programa de actividades socioculturais.

Está dirixido aos maiores de 60 anos para que poidan desfrutar dunha estancia de 15 días en réxime de pensión completa nas residencias de Tempo Libre coas que conta a Consellería de Política Social e Igualdade, isto é a do Carballiño e a de Panxón (Nigrán).

Así, a través de estadías 100% gratuítas, os participantes pasan desde Noiteboa ata Reis nestes centros.

Trátase dunha iniciativa con máis de 20 anos de historia que só se interrompeu no ano máis duro da pandemia da covid-19.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-o4Eww9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:24:43
Nº Rexistro: 48302
Data envio: 28/01/2026 12:24:43.389

PARLAMENTO DE GALICIA

A Xunta leva anos comprometida con atender as necesidades dos nosos maiores, así como de fomentar o envellecemento activo e combater a soidade non desexada.

Nesta liña, cómpre salientar a iniciativas como o Carné +65 que permite desfrutar de descontos en servizos, establecementos ou lecer; o programa Benestar en Balnearios ou as aulas sénior e convenios coas tres universidades para aquelas persoas que queiran seguirse formando.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia do programa Xuntos polo Nadal 2025?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:24:43
Nº Rexistro: 48302
Data envio: 28/01/2026 12:24:43.389

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 28/01/2026 12:23:04
María Encarnación Amigo Díaz na data 28/01/2026 12:23:14
Víctor Baladrón Lamas na data 28/01/2026 12:23:26
Nicole Grueira Fernández na data 28/01/2026 12:23:38
Dolores Hermelo Piñeiro na data 28/01/2026 12:23:47
Argimiro Marnotes Fernández na data 28/01/2026 12:23:59
Noelia Pérez López na data 28/01/2026 12:24:11
Raúl Santamaría González na data 28/01/2026 12:24:21
Maria Magdalena Perez Millares na data 28/01/2026 12:24:29

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:24:43
Nº Rexistro: 48302
Data envio: 28/01/2026 12:24:43.389

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 12:24:44

CSV: BOPGDSPG-o4Evw9B5D-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 12:59:45
Nº Rexistro: 48315
Data envio: 28/01/2026 12:59:45.061

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por Olalla Rodil Fernández
Asinado o día 28/01/2
12:56
Por Daniel Castro Ga
